

A man dereita de Santa Teresa: Kate O'Brien e a Guerra Civil española*

Eibhear Walshe

RESUMO O autor pon de manifesto a importancia e a influencia de España nas novelas de Kate O'Brien, a partir da fascinación que sentiu ela por todo o español. Unha influencia que a levou non só a escribir unha novela, *Mary Lavelle*, ambientada en España, e un libro de viaxes, *Farewell Spain*, no que describe moitos aspectos da historia e da cultura españolas, senón tamén a adoptar a estrutura aberta de *Mary Lavelle* para as súas restantes novelas, convencida de que a moral española se prestaba moito mellor ás ansias de liberdade das súas protagonistas, afogadas nos estritos códigos convencionais da sociedade irlandesa. A modo de anécdota final, Eibhear Walshe fíxase na ironía que encerra o feito de ter Kate O'Brien (valedora da causa republicana durante a guerra civil española do 1936) a mesma idea da grandeza da España tradicional e católica que propugnaba Franco e unha admiración incondicional cara a Teresa de Ávila, a mesma que, sen Kate o saber, fiña o propio Franco cara á santa, chegando mesmo a facerse acompañar sempre pola reliquia coñecida como o "brazo incorrupto de Santa Teresa", que o acompañou ata a súa morte.

ABSTRACT The author notes Kate O'Brien's fascination for things Spanish, and looks at the significant influence that Spain had on her novels. This led her not only to write a novel set in Spain, *Mary Lavelle*, and a travel book, *Farewell Spain*, in which she recounts aspects of the history and culture of Spain, but also to use the open structure of *Mary Lavelle* for the rest of her novels, in the belief that Spanish morality was more appropriate to her characters' desire for freedom, suffocated as they were in the strict and conventional codes of Irish society. Dr. Walshe in his concluding section notes the irony of the coincidences that Kate O'Brien—a supporter of the Republicans in the Spanish Civil War—should have had the same idea of the greatness of traditional, catholic Spain as that propounded by Franco, and a fierce admiration for Teresa of Ávila, as did, unbeknown to Kate, Franco himself, to the extent that the relic known as the 'uncorrupt arm of St Teresa' accompanied him wherever he went until his death.

Tradución da versión inglesa do autor (*The right hand of Santa Teresa: Kate O'Brien and the Spanish Civil War*) por Martín Veiga e David Mackenzie.

Neste ensaio quero avaliar a importancia de España, da paisaxe española e da cultura española no imaxinario da novelista irlandesa Kate O'Brien. En particular, quero centrarme na súa novela *Mary Lavelle*, publicada en 1936 e ambientada no norte de España, e mais no seu libro de viaxes *Farewell Spain*, publicado en 1937 e escrito como resposta ao estourido da Guerra Civil española. Kate O'Brien, novelista católico-burguesa, naceu en Limerick en 1897 pero pasou a maior parte da súa vida adulta vivindo e escribindo en Londres, onde produciu novelas e libros de viaxes dende comezos dos anos trinta ata a súa morte en 1974. Chegou a publicar ata nove novelas, que se centran nas loitas da muller irlandesa para conseguir a independencia no seo dunha sociedade burguesa, rixidamente conformista. Sosteoño, polo tanto, que España resultou crucial para o desenvolvemento de O'Brien como novelista. Nos escritos que tratan da súa experiencia española, a idea de España potenciou a súa imaxinación para desenvolver aqueles temas que máis lle interesaban: a consecución da conciencia individual; a natureza transformadora da arte; a crueldade da paixón e a pluralidade da identidade sexual.

O'Brien comezou a publicar a súa obra de ficción a comezos dos anos trinta, e as dúas primeiras novelas examinan as limitacións autoidentitarias dos protagonistas, que aínda vivían coas limitacións da clase media irlandesa. A mediados dos anos trinta, O'Brien precisaba dun novo elemento imaxinativo para transcender as limitacións dos escenarios irlandeses e ese elemento imaxinativo resultou ser España. Como ela mesma dixo: “España é a miña cabeza do Rei Carlos”¹.

Moito antes de que Kate O'Brien empezase a súa carreira novelística, a comezos dos anos vinte, pasara algún tempo en Bilbo como institutriz, e deste xeito naceu nela unha paixón por España, a súa historia e a súa cultura que lle durou toda a vida. España proporcionou a Kate, unha escritora irlandesa que vivía en Londres, unha definición de civilización máis ampla porque lle permitiu eludir Gran Bretaña e librarse de calquera inferioridade colonial residual:

Nós, un pequeno remexido provincial, como podería pensar alguén alleo, tivemos sempre a habelencia —tanto na nosa historia relixiosa

¹ “Spain”, Conferencia á Asociación de Mulleres Rurais Irlandesas de Claremorris, Northwestern. Nota dos tradutores: o rei Carlos I de Inglaterra foi decapitado en 1649, e vén sendo unha fixación obsesiva dun personaxe de Dickens —Mr. Dick en *David Copperfield*— para logo pasar a significar unha obsesión calquera.

coma na literaria— de lle coller o ritmo a Europa, de sortear Gran Bretaña no noso maxín e de tenderlles a man a España e a Francia².

A súa identificación con España representaba unha resistencia contra os prexuízos coloniais británicos cara a Irlanda, e ao longo dos anos trinta, conforme a súa obra de ficción se ía facendo máis popular, empregaba os seus ingresos, cada vez maiores, en viaxar por España durante prolongados períodos de tempo.

Dez anos despois [do período de titora] regresei como unha viaxeira calquera... e logo penso que durante a maior parte dos veráns do 33, 34, 35, ata que a Guerra Civil española estoupou en xullo de 1936... adoitaba perder o tempo polas cidades de Castela. Tomándoo con calma e gastando poucos cartos. Estaba fascinada e moi feliz.³

Entón, que quería dicir exactamente con “España”? A España retratada na súa novela de 1934, *Mary Lavelle*, e no libro de viaxes de 1937, *Farewell Spain*, ten un significado concreto. Sentíase atraída pola alma esencial de España, tal e como ela a vía, unha espiritualidade nobre, solitaria, derivada da súa paisaxe austera e expresada nas vidas e crenzas dos seus grandes místicos e escritores: Teresa de Ávila, Cervantes, Juan de la Cruz. Como ela mesma escribiu: “o espírito español é claro e está illado —como cientificamente illado— en todas as súas grandes manifestacións”⁴. A paisaxe española de Kate é sempre Castela, unha paisaxe descrita pola súa heroína, Mary Lavelle, como “inmediatamente atraente, pastoril, austera e tenra”⁵, e a súa herdanza intelectual e espiritual de España é exclusivamente católica. Non permite que outra paisaxe ou tradición dentro da Península Ibérica teñan cabida na súa España. (Na descrición que fai Kate das súas lecturas de literatura española queda claro que se inspira fortemente na mitoloxización da paisaxe castelá de poetas como Unamuno, pertencente á chamada “Xeración do 98”⁶). No miolo desa visión de España atopábase a celebración que fai da primitiva arte do toureo, refeita na súa

71

² “Imaginative Prose of the Irish 1820-1970”, *Myth and Reality in Irish Literature*, ed. J. Ronsley, Ontario: Wilfrid Laurier University Press, 1977, pp. 305-316.

³ Lorna Reynolds, *Kate O'Brien. A Literary Portrait*. Totowa, N. J. Barnes and Noble Books, 1987, p. 37.

⁴ *Hibernia*, Maio 1967.

⁵ *ML*, p. 214.

⁶ Estou moi agradecido a Dra. Anne Walsh e ao catedrático Terry O'Reilly, UCC, polos seus perspicaces comentarios sobre as lecturas de literatura española de Kate O'Brien.

narrativa como unha profunda experiencia estética, un ritual de morte e de arte. Para as súas personaxes, o espectáculo da corrida de touros era epifánico, a revelación doutro xeito de ser, e isto resulta moi evidente sobre todo na primeira novela de temática española, *Mary Lavelle*. Esta novela ten un fundamento autobiográfico no feito de estar ambientada en 1922, ano que Kate pasou como institutriz en Bilbo, e de que a personaxe central, Mary Lavelle, ten vinte e atro anos, a idade da propia Kate naquel ano. O escenario da novela está tomado directamente das súas propias experiencias como “Miss”, anque rebautizase Bilbo como Alorno, chamase a vila costeira de Portugalete Cabantes e a casa dos De Arielza, onde ela vivira, Casa Pilar. No canto do neno de trece anos ao que Kate lle ensinou, Mary Lavelle ten ao seu coidado tres nenas adolescentes, fillas dunha familia adiñeirada, os Areveaga. (Estudan *Emma* con Mary Lavelle, como fixera José de Arielza, o propio alumno de Kate O’Brien).

Mary, filla dun doutor de Mellick, viaxa ata España para traballar como institutriz só durante un ano, pois está comprometida para casar. O seu prometido é un home de Mellick axeitadamente conservador e sen imaxinación, John, e está impaciente por casar. Dende logo, desacóugao a decisión de Mary de viaxar a España, pero ela insiste:

72

Ir a España. Estar soa durante un lapso breve, un minúsculo hiato entre as dúas fases convencionais da súa vida. Deixar de ser filla sen se converter de inmediato en esposa. Ir por libre, non pertencer a ningún lugar ou familia ou persoa... Non ser observada, apreciada e, confiaba, reprobada. Puxera de feito unha gorra de invisibilidade, dende debaixo da que, con todo, podía usar os seus ollos inocentes con circunspección e en paz. (*ML*, pp. 35-37).

Con este respiro, Mary séntese atraída por España e comeza a deixar atrás a súa identidade de Mellick: “Aínda que ela non se dera conta do feito, medraba rapidamente nesta terra estranxeira, moito máis rápido do que ela ou John, cando discutiran sobre o valor de tal crecemento, puídesen tan sequera anticipar”. (*ML*, p. 106). A esperanza de Mary dunha “gorra de invisibilidade” resulta imposíbel ao se converter no albo dun amor obsesivo. A gran beleza de Mary Lavelle atrae, entre outros, o pai da familia, don Pablo, o seu fillo casado, Juanito, e a súa compatriota, Agatha Conlon. Na noite da chegada de Mary a Casa Pilar, don Pablo namórase dela:

Esta tarde, paseando sen ningún presentimento cara á terraza para ver partir o transbordador partir para Torcal, atopou aquilo contra do que lle parecía que ningún home, por moi vello ou sabio ou canso que fose ou estivese, pode estar axeitadamente armado. El coñecera a beleza, mítica, inocente e impúdica... Unha rapaza cun vestido de algodón azul pálido e zapatillas de tenis... O cabelo, dun castaño dourado, era rizado e apegábaselle á cabeza como o dun rapaz grego. Os ollos azuis, tamén de rapaz, andróxinos, eran grandes e tímidos, pero escurecidos por pestanas escuras e por sombras de fatiga. A boca era un ancho arco vermello. O porte da cabeza, pescozo e peito, extremadamente virxinal e pagán. El nunca vira na carne... o vello e eterno mito poético da doncela (*ML*, pp. 66-67).

Ata certo punto, Kate impón este mito da doncela poética e da beleza andróxina a Mary Lavelle por necesidade imaxinativa, pois Kate emprega a representación da beleza como unha defensa contra a posición subordinada da “Miss” irlandesa en España. Lonxe de Mellick, Mary non ten status familiar que a ampare e identifique. Mentres examina as súas compatriotas no Café Alemán, vénlle á memoria un verso de Kipling: “From the legions of the lost ones / from the cohorts of the damned” –“Dende as lexións dos perdidos / dende as cohortes dos malditos” (*ML*, p. 92). Conxuntamente coa adulación que inspira, Mary Lavelle aprende a se desenvolver imaxinativa e moralmente en España. Este crecemento sería imposible en Mellick, onde a súa vida estaba circunscrita polo seu prometido, demasiado protector, e polo seu pai egoísta, e a súa experiencia da corrida de touros resulta crucial para o seu desenvolvemento. Nesta descrición da corrida de touros, hai un masoquismo erotizado que resoa posteriormente cando fan o amor Mary e Juanito, o seu amante casado:

O matador atraeu o seu inimigo cara ao peito, e pasoulle por diante, co suave engado; tróuxoo de novo ao longo da coxa como para o amor absoluto; deixouno ir e atraeuno novamente... Unha e outra vez en pases clásicos permitiu que o corno o rozase, logo retirándose do enorme antagonista, canso mais aínda alerta, púxose de perfil e foi sobre o corno, tan docemente como o faría un anxo, para matar (*ML*, p. 114).

Kate constrúe o espectáculo da corrida de touros como a epifanía de Mary, a súa chegada ao coñecemento:

Burlesco, fantástico, salvaxe, todo o que John dixerá —pero máis vívido coa beleza e toda a anguria da beleza, máis cheo de novas da posíbel dor e insensatez e quixotismo e barbarie e gloria da vida que ningunha outra cousa que esta rapaza atopara antes; máis real e arduo, máis suxestivo de esixencias indómitas e elevadas, máis simbólico, máis dramático, unha frecha ao corazón máis persoal e inquietadora do que ela nunca soñara... Aquí —e Mary, para cuxa xuventude todo coñecemento era novo, recibiu esta súpeta parte daquilo como unha dor atroz— aquí estaba a arte, na súa forma menos decente, a menos explicábel ou soportábel. Pero Arte, indiferente e sen lei (*ML*, p. 116-117).

74

Con esta revelación estética, Mary desprázase “fóra dela mesma” e pode agora enfrontarse aos problemas morais da súa estancia en España. Nas nove-las irlandesas máis temperás de Kate O’Brien, estes conflitos morais rematarían en punto morto e traxedia pero, aquí en España, é posíbel un código moral máis amplo e establécese un vencello directo entre a crueldade da corrida de touros e o maior senso de liberdade e autodeterminación que Mary experimenta:

Tomouna rápida e brutalmente. A dor fíxoa berrar e retorcerse co susto, pero agarrouna fortemente contra o peito e, preso dun grande amor, obrigouna a soportalo. Sentiu a suor da dor aflorarse sobre toda a seda do seu corpo. Ollou para o seu rostro, arroxado contra a carri-za, viu os seus dentes apertados, o nariz aleteando, as pálpebras trementes e as bágoas a caer, a caer. Xa non era Afrodita, senón unha cristiá torturada e quebrantada, unha San Sebastián vulnerada (*ML*, pp. 308-309).

O outro conflito moral que encara Mary Lavelle é a confesión de amor e desexo doutra muller, e estoutra historia de amor actúa como un subtexto dentro da narración principal. A traxectoria vital desta muller, Agatha Conlon, está intimamente vencellada á de Mary e, en certo sentido, o destino de cada

muller é paralelo ao da outra. Se Mary, con vinte e tres anos, era unha versión da propia Kate en 1922, Agatha Conlon, que ten trinta e oito, pode considerarse como unha versión da propia Kate mentres escribe a novela en 1936. A caracterización desta identidade sexual sospeitosa e prohibida é, para o seu tempo, notabelmente aberta e comprensiva. Como sostén Emma Donoghue: “Agatha non constitúe un estereotipo e, comparada coas lesbianas torturadas da morbosa *Nightwood* (1936), de Djuna Barnes, por exemplo, está ategada de vida”⁷. Agatha declara o seu amor por Mary claramente e sen evasivas:

Aquel día conteiche unha mentira. Preguntáchesme se algunha vez me namorara... E eu dixen que nunca me namorara dunha criatura viva. Iso era verdade ata o primeiro día en que te vin. Xa non é verdade... Escandalízaste? Gústasme como lle gustarías a un home, sabes? Nunca te podo ver sen desexar tocarte. Podería ollar para o teu rostro por sempre (*ML*, pp. 284-285).

No canto de horrorizar e alienar a moza de Mellick, criada nun convento, esta declaración produce o efecto de achegar aínda máis a Agatha e Mary. Esta aceptación de Agatha e do seu desexo por Mary é o elemento máis radical na novela e faise sutilmente implícito polo paralelo entre o destino de Agatha e o de Mary. Como sinala Donoghue: “Mary comprendeu qué semellantes son as súas situacións; como lle di a Agatha, “tí tes unha clase de antollo imposíbel, eu teño outra”⁸. Tamén é significativo que Agatha articule o propio amor de Kate por España, como se presenta en *Farewell Spain*, e é Agatha quen leva a Mary á corrida de touros. Só España, parece insinuarse, pode autorizar tolerancia e franqueza tales para estas irlandesas burguesas.

Ao final da novela, estas paixóns conflitivas resultan demasiado intensas e Mary vaise de España. Porén, a novela ten un final aberto, sen peche, ao decidir non regresar a Mellick para o seu matrimonio burgués prefixado e seguro, senón máis ben emprender unha nova vida noutro lugar:

Regresaba á casa cunha historia feble e desesperada, unha historia cruel que lle causaría a John moito sufrimento, e non tiña explicación

⁷ “Out of Order: Kate O’Brien’s Lesbians Fictions”, en Eibhear Walsh (ed.), *Ordinary People Dancing*, Cork: Cork University Press, 1993, p. 42.

⁸ *Ibidem*, p. 46. Para outro ensaio excelente sobre *Mary Lavelle*, ver “Disturbed Desires: The Hysteric in Kate O’Brien’s *Mary Lavelle*”, *Eire Ireland*, 25, 1990, pp. 46-57.

nin defensa. E despois aceptaría as cen libras da súa madriña e marcharía. Iso era todo. Ese era o froito da súa viaxe a España... Regresaba á casa xunto ao seu amante fiel cunha historia brutal (*ML*, p. 377).

A pesar deste final fortemente melodramático, a novela representa un novo rumbo dentro da obra de ficción de Kate. De *Mary Lavelle* en adiante, todas as súas novelas teñen este final aberto, este movemento cara a fóra de Mellick e de Irlanda en dirección ao exilio voluntario en Europa. Para Mary, o pleno senso da identidade individual pódese acadar, pero só en España.

Mary Lavelle foi prohibida polo Comité Irlandés de Censura, alegando como motivo a súa obscenidade, o 29 de decembro de 1936⁹. Foi a primeira novela de Kate O'Brien que se prohibiu en Irlanda e, a diferenza de *The Land of Spices*, nunca foi obxecto dunha orde de revocación e polo tanto permaneceu na listaxe de obras prohibidas. Como o Comité Irlandés de Censura non estaba obrigado a xustificar as razóns para a prohibición, é difícil saber qué foi precisamente o que suscitou o antagonismo dos censores irlandeses. Na Irlanda anterior á independencia non existía a censura directa, só o procesamento de libros sospeitosos por parte de xuíz e xurado, o normal baixo a soberanía británica. Porén, trala instauración do Estado Libre Irlandés, o Decreto da Censura de Publicacións de 1929 deu paso á prohibición de libros en Irlanda, de se consideraren “de natureza, indecentes ou obscenos”¹⁰. Isto tivo como consecuencia a prohibición estendida de novelas e a consecuente alienación dos escritores irlandeses da súa sociedade. Conforme ao Decreto de 1929, un Comité de Censura formado por cinco persoas consideraba calquera publicación da que informasen oficiais de aduanas ou un membro do público e xulgábaas por normas de decencia e moralidade. A composición deste Comité de Censura era secreta e só respondía ante o Ministro de Xustiza. Como expresa Julia Carlson: “En efecto, o Comité de Censura tiña licencia para operar en virtual segredo. Cando se prohíbe unha publicación, a súa importación, venda, anuncio e distribución están tamén prohibidos”¹¹. Este control das lecturas públicas estaba á par de varias medidas represivas e paternalistas na Irlanda poscolonial e loxicamente protestaron moitos artistas e

⁹ Ver M. Adams, *Censorship, The Irish Experience*, Dublin: Scepter, 1968, p. 242.

¹⁰ Decreto da Censura de Publicacións 1929, Imprensa Oficial, Dublin, 1929, parte 2, sección 6.

¹¹ *Banned in Ireland: censorship: and the Irish Writer*, London: Routledge, 1990, p.4.

escritores. A pesar do feito de que Yeats e Shaw e outros creasen a Academia Irlandesa das Letras en 1932 para protestar contra a censura, a prohibición sistemática de novelas continuou. Entre 1930 e 1939, 1200 libros foron prohibidos en Irlanda¹². Polo tanto, aínda que a España de *Mary Lavelle* fose un lugar comprensivo e liberador, xulgouse como unha novela inapropiada para o público lector irlandés. A prohibición afectaría profundamente mais tamén lle outorgaría á súa obra unha certa distinción. O'Brien restou importancia ao efecto persoal desta experiencia en entrevistas posteriores pero a súa oposición ás políticas de censura era clara e inequívoca:

Opóñome á censura, así de simple. Penso que é unha imposición estúpida, a xente tivo sempre as censuras normais da sociedade decente, da relixión, da conciencia e da lei e paréceme que se non nos arranxamos con esas armas para protexernos daquilo ao que nos opoñemos... Fun censurada, non sei se sufrín.¹³

A censura doutro réxime católico e paternalista ía tamén afectar o seguinte libro de Kate O'Brien sobre España. A Guerra Civil española estoupou en xullo de 1936¹⁴ e, como moitos escritores, ela respondeu en letra impresa. As súas viaxes por España nos anos inmediatamente anteriores ao estoupido da Guerra Civil permitíronlle facer comentarios sobre o conflito e o resultado foi *Farewell Spain*, publicado en agosto de 1937, xusto tras a caída de Bilbo en favor dos "nacionais". *Farewell Spain* comeza con este suceso, eclipsado polos horrores da guerra contemporánea e cheo de terror polo futuro. A pesar disto, ela celebra a súa España:

Para min, con todo, existiu España. Tan certo é isto que a penas vin outros países... O meu amor foi longo e lento, tamén preguiceiro e egoísta, pero sei que onde queira que vaia de aquí en adiante e vexa o que vexa nunca amarei de novo un escenario terreal como amei o español (*FS*, p. 228).

Avoga pola validez da súa propia memoria como unha celebración daquel amor: "loemos a memoria persoal, o amor persoal" (*FS*, p. 6). Ao longo de

¹² Ver Terence Brown, *Ireland. A Social and Cultural History*, Londres: Fontana, 1981.

¹³ De Kate O'Brien, *Une Femme Matrisse*, Cork Campus Radio.

¹⁴ Para unha explicación excelente da Guerra Civil española, ver Raymond Carr, *Modern Spain*, Oxford, 1980.

todo o libro, vencella o persoal ao político, cravando as súas cores políticas ao mastro: “É unha guerra que as forzas do absolutismo militarista libran contra a democracia”, e continúa denunciando:

Unha guerra como a do xeneral Franco, cuxa finalidade abertamente declarada era a eliminación de todo principio democrático, e cara ao establecemento do seu pequeno eu como un pequeno Mussolini máis –unha guerra desta índole, non só golpea mortalmente España senón todo soño decente ou esforzo a prol da humanidade en calquera parte (*FS*, pp. 219-222).

Resulta desafortunado que titule un capítulo, un capítulo de denuncia contra Franco, “Arriba, España”, pois esta frase adoptárona as tropas franquistas como o seu berro de guerra, feito que observou un crítico contemporáneo. A pesar da polémica que motiva a súa escrita, *Farewell Spain* é unha descrición pausada e perspicaz de España, chea de anécdotas e observacións persoais de edificios, cadros, escritores, cidades, comida, bebida, e, sobre todo, o carácter español como ela o concibía.

78

Na súa introdución a *Spanish Front: Writers On The Civil War*, Valentine Cunningham afirma que: “... España comprometeu fondamente aos escritores e artistas do mundo, os seus escritos e a súa arte, as súas palabras e imaxes, dun xeito ou doutro, nun bando ou noutro. Estes escritores percibiron España como se estivese cargada das súas propias textualizacións¹⁵.”

Isto resultaba certo para Kate: “Para algúns de nós, existiu España. Primeiramente a España que imaxinamos —un lugar que agora non podemos lembrar— e despois a España que atopamos” (*FS*, p. 17). Algúns escritores católicos como Evelyn Waugh e Hilaire Belloc decidiron apoiar a Franco e os seus nacionalistas conservadores, aliados coa Igrexa. Pero Kate estaba inequivocamente oposta a Franco. Pode que tivese moito en común con estes escritores espiritual e esteticamente, pero politicamente púxose de parte do bando da República española.

¹⁵ Valentine Cunningham (ed.), *Spanish Front: Writers On The Civil War*, Oxford: Oxford University Press, 1986, p. XXVI.

Farewell Spain anhea aínda máis as paisaxes de *Mary Lavelle* —Bilbo, as cidades de Castela, os cadros do Prado en Madrid, as corridas de touros— e todos os elementos familiares xa retratados en *Mary Lavelle*. As súas cidades de peregrinaxe están todas en Castela, Biscaia e Galicia: Santiago de Compostela, Burgos, Madrid, Ávila, Salamanca, Toledo e Bilbo, e non se fai mención de Cataluña nin de Andalucía. Aborda unha serie de temas diversos: política contemporánea, personaxes históricos, a tradición da pintura española... Ao longo da obra, as súas valoracións son sempre altamente subxectivas, situando a Ticiano por riba de Goya e infravalorando a Velázquez. O Greco evoca unha serie de respostas, unha admiración da súa agonía e esteticismo, un ataque (de novo) contra a influencia mourisca en Toledo e un comentario iluminador sobre a suposta homosexualidade do Greco:

Din del que foi homosexual, pero esa hipótese resulta de pouca utilidade ao considerarmos a súa obra. Homes máis relevantes ca el foron tocados por esa peculiaridade, pero o residuo de toda experiencia emocional tende, en espíritos o suficientemente grandes, a ser finalmente de valor natural ou universal, sexan as que fosen as experiencias vitais que deron lugar á súa formación (*FS*, p. 146).

79

A perspicacia e complexidade da súa perspectiva crítica déixanse ver con claridade no capítulo sobre Felipe II de España, que posteriormente aparece como personaxe central na súa seguinte novela de temática española, *That Lady*. Kate ataca a crenza tradicional de que: “Felipe II de España era un enigma frío, pouco atractivo e sinistro” (*FS*, p. 152). No canto disto, avoga persuasivamente por unha visión de Felipe como admirábel e da construción do pazo do Escorial como meritória: “Tocoulle a obriga de expresar a cousa máis difícil, pero que na realidade resultou máis duradeira e sensata” (*FS*, p. 153). É aguda ao detectar o defecto no centro do concepto de realeza de Felipe: o seu medo a unha humanidade común. Interpreta a construción do grande pazo-tumba do Escorial como unha defensa contra o medo a que a súa morte, a morte do Rei de España, fose a mesma que calquera outra morte: “Vía a eternidade nin moito menos como liberación do eu senón como o escenario fantasmagórico para unha guerra demoníaca por aquel eu. Nunca se lle ocorreu que a verdadeira beizón da morte sería a fin da importancia do eu” (*FS*, p. 157). Crucialmente, a súa interpretación do personaxe de Felipe procede dunha comprensión nítida do perigoso egotismo no centro do goberno

autoritario. Toda a súa admiración e comprensión por Felipe non a cega neste senso.

Felipe é un dos moitos homes españois que ten en consideración e, dende logo, a maior parte da súa admiración polo espírito de España é específica en canto ao xénero. Para Kate, o home español solitario é a verdadeira encarnación do espírito español. Cando considera as mulleres españolas, é habitualmente de xeito colectivo e con menos admiración. Nun capítulo, relata un episodio nunha estación de tren cando o fermoso cabelo louro de Mary O'Neill esperta a admiración dunha multitude de mozas españolas:

Hai rapazas, reunidas como sempre en grupos de cinco e seis, coa habitual maquillaxe brillante e o cabelo coidadosamente ondulado e suxeito á cabeza... moi enfeitadas, como sempre, e movéndose facilmente e con alegría —cheas de pracer nelas mesmas. Mais para min estridentes e decepcionantes como nunca resulta o seu país, encantador e distinguido (*FS*, p. 157).

80

A única excepción á falta de interese de Kate polas mulleres españolas é a mística e reformadora Teresa de Ávila: “Unha clase de xenio enorme e inconmensurábel dos que houbo moi poucos e só un que fose muller” (*FS*, p. 102). A diferenza da súa descrición de Felipe II, o retrato de Teresa de Ávila que fai Kate é incondicional na súa admiración:

Aínda que impaciente de saber libresco, era unha formidábel contricante para calquera insquisidor ou doutor salmantino. Era unha loitadora e unha intrigante, unha soldado e unha diplomática moi activa... Era feminista —“... es muy de mujeres y no querría yo, hijas mías, lo fueseis en nada, ni lo parecieseis, sino varones fuertes...”¹⁶ pero tivo en moi pouca consideración as mulleres como tal... Foi de seguro a máis grande muller da historia cristiá (*FS*, p. 112).

Vía a Teresa como unha figura segrar, unha muller que obtivo poder e respecto nun mundo de homes, unha española formada pola austera e dura

¹⁶ *Camino de perfección*, 7: 8, ciado por Kate nunha tradución bastante libre de E. Allison Peers.

paisaxe castelá que a alimentou. Curiosamente, a España de Kate remata sendo incrivelmente semellante a aquela do seu odiado xeneral Franco. Durante a súa loita polo poder, Franco inventou un pasado católico triunfante para España, un pasado que resucitaría coa vitoria das súas tropas e a aceptación do seu mandato, e esta visión de España é case idéntica á de Kate. Ademais, Kate compartía con Franco, sen ela sabelo, o grande interese por Teresa de Ávila. En febreiro de 1937, mentres escribía *Farewell Spain*, ocorreu un episodio un tanto macabro que implicaba o ditador e mailos restos mortais da gran santa. O biógrafo de Franco, Paul Preston, conta a historia:

Nesta época, na prensa nacionalista comezou a circular unha historia que relacionaba o destino de Franco coa intercesión dos santos. Supostamente, no caos da derrota, o comandante militar de Málaga... deixou varios vultos de equipaxe detrás súa cando fuxiu. Nunha maleta que deixou no seu hotel atopouse a reliquia sagrada da man de Santa Teresa de Ávila, que roubaran do convento carmelita de Ronda... Envióuselle a Franco que a conservou con el durante o resto da súa vida. A recuperación da reliquia foi a escusa para a exaltación de Santa Teresa como a “Santa da Raza”, a campiona de España e da súa relixión na Reconquista... O propio Franco parece que cría na súa relación especial con Santa Teresa... O Bispo de Málaga deu a súa autorización para que a reliquia permanecese en posesión de Franco e a tiña sempre a carón seu en calquera viaxe que o obrigase a durmir fóra da casa.¹⁷

81

Tendo en conta esta veneración de Franco por Santa Teresa, o comentario de Kate: “é probábel... que ela (Teresa), loitadora indomábel, estivese hoxe no bando de Valencia e Madrid” (*FS*, p. 222), presenta un ton irónico. É certo que todas as tendencias de convicción política pódense apropiarse de figuras históricas e reinterpretalas. Con todo, este interese compartido por Santa Teresa forma parte da visión extraordinariamente similar de España e da súa herdanza católica que adoptaron tanto Kate coma Franco. Opostos en termos políticos, eran unha soa mente respecto á natureza imaxinativa da grandeza pasada da España católica.

¹⁷ Paul Preston, *Franco*, Londres: Harper Collins, 1993, pp. 219-220.

Finalmente, os republicanos perderon a Guerra Civil española, como ela receaba. Mentres escribía, as forzas nacionais rodearon Madrid e puxéronlle cerco, e a Guerra Civil española aínda estaba sen resolver. En abril de 1939, Madrid caeu ante as tropas de Franco e a guerra rematou coa subseguinte rendición dos exércitos republicanos. Co réxime de Franco no poder en España, a relación de Kate coas autoridades tornouse difícil. Nun plano persoal, Kate foi privada de contacto ningún coa súa amada España durante os vinte anos seguintes. Non obstante, durante un período importante no seu desenvolvemento como novelista, España autorizou a Kate O'Brien como escritora ofrecéndolle unha identidade máis ampla para os seus protagonistas irlandeses, permitíndolles “coller o ritmo de Europa”.

Eibhear Walshe

University College, Cork, Irlanda